

EXPEDIENTE DE CAMBIO DE NOME E/OU APELIDOS

ONDE PRESENTALO:

No Rexistro Civil do domicilio da persoa interesada.

SOLICITUDE:

A persoa solicitante deberá facer constar:

- A súa identidade, o lugar e data de nacemento, o DNI e mais o actual domicilio e número de teléfono.
- O seu estado civil e, se fose o caso, o lugar e data de matrimonio e mais os fillos habidos neste. No suposto de que contraera anteriores nupcias, tamén se indicarán.
- Unha relación sucinta e detallada dos feitos que motivan o cambio.
- A petición concreta do cambio solicitado.
- O lugar e data de presentación da solicitude, que se deberá entregar debidamente asinada.

DOCUMENTOS QUE SE DEBEN ENTREGAR XUNTO COA SOLICITUDE:

1. Certificado literal de nacemento.
2. No caso de que estea ou estivese casado/a, certificado literal do matrimonio ou matrimonios.
3. No caso de ter fillos, certificado literal de nacemento.
4. Orixinal e copia do seu DNI.
5. Certificado de empadramento, expedido hai menos de tres meses.
6. No caso de que a solicitude afecte ao cambio de apelidos, certificado literal de nacemento do/a ascendente a cuxa liña pertence o apelido pretendido.
7. Copia documental, pública ou privada, que acredite o uso pola persoa interesada do nome ou apelido cuxa modificación se pretende.

NOTA: No caso de cambio de nome polo empregado habitualmente, deberán comparecer con dous testigos maiores de idade.